

Índice

0.Introdución	1
1. Reseña histórica	1
. Situación socioeconómica e cultural da zona de influencia	1
. Tipoloxía escolar.....	1
. Lingua de comunicación.....	2
. Estrutura física do centro	2
. Estrutura organizativa do centro	2
2. Sinais de identidade	4
. Definición.....	4
. Confesionalidade	4
. Lingua de aprendizaxe	4
. Coeducación.....	5
. Liña metodoloxía	5
. A educación como un proceso integral.....	5
. Pluralismo e valores democráticos.....	5
3. Procedementos de actuación	6
4. Obxectivos xerais	7
5. Obxectivos específicos	7
. Ámbito pedagóxico	8
. Ámbito de valores	8

. Ámbito institucional	9
. Ámbito metodolóxico	9
6. Obxectivos xerais nas distintas etapas educativas.....	10
. Educación Secundaria Obrigatoria	10
. Programas de iniciación profesional.....	11
. Bacharelato	11
. Ciclos formativos	12
. Adultos.....	13

0.- Introducción.

Este proxecto tenta ser un marco para expoñer un conxunto de liñas elementais de actuación e de metas que pretendemos acadar. Como tal proxecto, non se trata dun documento pechado e inmutable senón dun aparello vivo e funcional que enumere e defina que tipo de centro desexamos, que formación esperamos dar ós nosos alumnos e que modelo de organización pretendemos.

1.- Contexto.

. Reseña histórica.

O centro denomínase “ Instituto de Educación Secundaria Chan do Monte”. É un centro público que comezou a súa andaina en 1980 como centro de Formación profesional coas seguintes ramas: Administrativa e comercial, Secretariado, Electricidade industrial e Marítimo pesqueira. No seu segundo ano de existencia foi o primeiro centro de Galiza no que se impartiu a especialidade de Informática de xestión.

A día de hoxe, imparte Ensinanza Secundaria Obrigatoria, Bacharelatos Tecnolóxico e de Humanidades e Ciencias Sociais, Programas de Iniciación Profesional, ciclos formativos de grado medio de Xestión administrativa, Comercio, Mantemento de servizos a produción de frío e calor e Explotación de sistemas informáticos; ciclos formativos de grado superior de Comercio e márketing, Aplicación de sistemas informáticos, Desenrolo de aplicacións informáticas; ensinanza de adultos niveis I, II, III, IV, e oferta modular do ciclo medio de Xestión administrativa e do ciclo superior de Aplicación de sistemas informáticos.

. Situación socioeconómica e cultural da zona de influencia.

O instituto aséntase na periferia do centro urbano do concello de Marín, apenas un quilómetro de distancia do centro da vila, na parroquia de Mogor, no lugar de Chan do Monte no barrio de San Xurxo a escasos metros da estrada de Marín a Bueu. A economía sustentase fundamentalmente no traballo por conta allea, réxime especial agrario e autónomo, desenvolven actividades agrarias, pesqueiras, servizos ...

. Tipoloxía escolar.

Nos niveis de ESO a maioría do alumnado provén dos núcleos rurais das parroquias de Mogor, Seixo, Ardán e O Campo, alumnado que cursou os estudos de ensinanza primaria nos centros adscritos de Seixo e Ardán. A súa formación é xeralmente axeitada aínda que se perciben algunhas carencias específicas no alumnado.

Nos niveis de Bacharelato e , sobre todo, nos Ciclos Formativos, a súa procedencia é moi variada habendo alumnado de localidades como Sanxenxo, Vilagarcía, Moraña, ...

Da análise do alumnado despréndense as seguintes necesidades educativas específicas en algúns alumnos: graves carencias de base especialmente en materias fundamentais como

son as linguas oficiais e as matemáticas, carencias de conduta por canto non saben convivir no medio escolar, ambiente familiar non idóneo para o xerme educativo, nalgúns casos falta de recursos económicos e alumnado de educación especial con necesidade de reforzo educativo.

. Lingua de comunicación.

A lingua de comunicación do alumnado, a pesar da súa procedencia do medio rural, é o castelán, non obstante o centro conta cun proxecto de normalización da lingua galega que se procura aplicar para crear hábitos de uso da lingua materna.

. Estrutura física do centro.

O centro consta de varios edificios nun terreo enclavado a escasos metros da estrada de Marín a Bueu a beira do colexio privado dos Paúles . Dispón dun edificio central onde se desenvolven as actividades lectivas e os servizos administrativos aos que se accedese polo recibidor. A carón deste, atópanse outros dos edificios independentes que corresponden ó ximnasio e o taller de tecnoloxía da ESO. Máis distante está situado outro edificio no que se desenvolven as ensinanzas prácticas do ciclo medio de Mantemento de Servizos á Producción de Frío e Calor e , tamén, dúas pistas deportivas sen cubrir . Diante das dúas portas principais de entrada ó centro hai dúas marquesiñas que serven para acoller ós alumnos can do chove e se atopan dentro do recinto escolar fora das dependencias.

Carece de espazos para os departamentos didácticos e non cumpre os requisitos mínimos para o desenvolvemento das clases de Educación física.

. Estrutura organizativa do centro.

O cadro de persoal está formado polo profesorado adscrito ós departamentos didácticos, coidadora, persoal de administración, conserxes e limpadoras.

. Órganos de goberno.

- Unipersoais: Director, vicedirector, xefe de estudos de diúrno, xefe de estudos de adultos, secretario e xefes de departamento, coordinador da FCT e a coordinadora do Equipo de normalización lingüística.
- Colexiados: O consello escolar, constituído por representantes de todos sectores que conforman a comunidade educativa do centro,e claustro de profesores.

.Órganos de coordinación docente:

- Departamentos didácticos o fronte dos que hai un xefe responsable da coordinación didáctica.
- Comisión de coordinación pedagóxica composta polos xefes de departamento, profesor de pedagogía terapéutica, coordinadora de normalización lingüística, director e xefes de estudos.

. Estrutura organizativa do alumnado

- Delegados de grupo.
- Xunta de delegados de grupo.

. Titorías e Orientación.

- Gabinete de orientación.
- Titorías, contando cada grupo de alumnos cun profesor titor con dedicación de unha hora semanal para atención de alumnos e outra para atención de pais .
- Xuntas de avaliación, constituídas polos profesores do grupo, e na ESO e no Bacharelato tamén polo orientador , na ESO tamén forma parte a profesora de pedagogía terapéutica .

. Comisións mixtas.

- Comisión económica, formada por un profesor, un pai, un alumno, o director e o secretario.
- Comisión de disciplina, formada por un profesor, un alumno, un pai , os xefes de estudos o director.

. Servizos:

- O centro conta con servizo de transporte escolar gratis para os alumnos da ESO; tendo que contratar coa empresa o resto do alumnado ou utilizar medios propios.
- Biblioteca, que conta cun profesor encargado de coordinar a súa administración e con un grupo de profesores colaboradores.
- Conserxería, que conta con dous conserxes en horario de diúrno e un e horario de adultos.
- Secretaría- Administración, que conta cun secretario e dúas auxiliares.
- Páxina web, na que se atopa información relativa o PEC e ó PCC, así como a oferta educativa cos prazos e norma de matrícula respectivos, entre outros Servizos.
- Cafetería, con servizo de en horario de diúrno e adultos.

. Asociacións:

- ANPA, cun presidente o fronte e dous vocais.

2. Sinais de identidade.

. Definición.

O IES Chan do Monte declárase defensor da ensinanza pública, independente de intereses privados e aconfesional. Defensor da liberdade de cátedra, entendendo por tal dereito a exposición sen adoutramento, proselitismo ou sectarismo o enfoque persoal no labor docente, dentro do respecto ás normas establecidas e as opinións discrepantes. Xestionado de maneira participativa, baseándose no pluralismo e nos valores democráticos de convivencia.

As relacións entre os diversos compoñentes estarán presididas polo diálogo; a tolerancia e a disciplina sexan as máximas de actuación.

A acción educativa estará centrada na liberdade e no pluralismo, no respecto ós demais, na solidariedade, na cooperación, no diálogo, na tolerancia e no afán de superación, rexeitando calquera comportamento discriminatorio.

Todas as actividades que se realicen estarán exentas de calquera connotación política.

. Confesionalidade.

Como institución o centro se declara aconfesional, pero será, en todo momento, respectuoso coas crenzas relixiosas de cada un. Tódalas actividades que se realicen estarán exentas de calquera orientación proselitista. No instituto se evitará a existencia de toda simboloxía relixiosa con carácter permanente.

. Lingua de aprendizaxe.

No I.E.S. Chan do Monte, a lingua materna da maioría do alumnado e o galego polo que se fomentará o seu uso como lingua de aprendizaxe, respectando o dereito da minoría a utilizar a outra lingua cooficial da comunidade, o castelán, sempre dentro do establecido pola lexislación vixente

O Equipo de Normalización Lingüística dotará ó persoal (profesores e alumnos) de medios que faciliten o uso do idioma galego como instrumento de comunicación nas aulas.

. Coeducación.

O Instituto fomentará a convivencia sen prexuízos entre os dous sexos. Procurarase a eliminación das discriminacións contra a muller e a superación de mitos, tabús e diferenciación de roles entre o home e a muller. A educación sexual será considerada como un medio importante no proceso de coeducación.

. Liña metodolóxica.

O centro no avoga por propostas metodolóxicas concretas pero incidirá nos seguintes principios:

- O estímulo das capacidades de crítica, autocrítica, autonomía, responsabilidade, toma de decisións, ...
- A participación activa dos alumnos na súa formación.
- Metodoloxía práctica e integradora, no senso de que sexa transmisora de coñecementos, habilidades e valores que sirvan para a formación global dos alumnos e a súa integración na sociedade.
- A orde e a disciplina non serán vistos como imposición senón como necesarios para a vida e o traballo académico.
- Boa coordinación e dinamismo entre o profesorado.
- Atención á diversidade de capacidades, personalidades e agrupamentos.
- Avaliación sistemática de todos os procesos implicados na tarefa docente (práctica docente, relación profesor alumno, libro de texto, actividades, etc.).

. A educación como proceso integral.

O alumnado non só debe dispoñer dunha formación en coñecementos senón que debe formarse como persoa capaz de desenvolverse por si mesmo. Por elo, o centro declara como principios:

- A apertura ó seu contorno e a sociedade.
- Fomento das actividades complementarias e extra escolares.
- Colaboración con todo tipo de institucións relacionadas coa educación.
- Valoración do respecto e coidado do contorno.

. Pluralismo e valores democráticos.

- Situar o comportamento democrático como eixe de conduta dos seus membros.
- Favorecerá as actitudes de tolerancia e diálogo como vías imprescindibles para unha convivencia satisfactoria.
- Favorecerá o debate entre posturas diferentes como instrumento de coñecemento da realidade e como medio para a toma responsable de decisións.

- Impulsará o respecto á capacidade que tódalas persoas teñen de manter e manifestar os seus puntos de vista persoais.
- Divulgará o PEC para o seu coñecemento pola comunidade educativa.

.Procedementos de actuación.

- En casos de falta de base, os departamentos didácticos arbitrarán as medidas adecuadas para o desenvolvemento das respectivas materias a partir da avaliación inicial.
- Ofertaranse obradoiros de lingua e matemáticas que sirvan de reforzo educativo na ESO.
- Segundo a dispoñibilidade horaria do profesorado poderán reforzarse algunhas materias para certos alumnos sen necesidades educativas especiais que polas súas características así o aconsellen, sacándoos da aula, en certos momentos, para recibir unha ensinanza máis personalizada.
Os profesores respectarán o ritmo de aprendizaxe dos alumnos e daranlle pautas de métodos de estudo adaptados ás características da respectiva materia.
Os pais deberán ter en conta que se os seus fillos asisten a algunha clase particular, deberíaana aproveitar, sobre todo, para superar as carencias de base .
- Par mellorar a educación cívica do alumnado, todo o profesorado se implicará na tarefa, detectando e corrixindo condutas, dando pautas e poñendo en coñecemento dos pais ou titores legais do alumno estas condutas reprobables, para que estes se impliquen na corrección das desviacións de comportamento e colaboren co profesorado de maneira activa e conxunta.
Realizaranse actuacións de prevención e control do consumo de tabaco e droga no centro, para o que se contará coa colaboración dos pais, profesorado e policía local e nacional.
Levaranse a cabo accións que fomenten a limpeza no uso das instalacións e zonas de convivencia. Así como, o uso de vestimenta adecuada e trato correcto entre os membros da comunidade educativa.
- Para evitar a desidia familiar, os profesores, especialmente os titores e o orientador, observarán os comportamentos raros dos alumnos e farase un seguimento adecuado en cada caso, contando coa colaboración dos Servizos Sociais do concello de procedencia.
- En caso de falta de recursos económicos levaranse a cabo accións como: apoio económico ás actividades extraescolares, que se programarán adaptadas ó transporte escolar, realizaranse programas de recollida de libros antigos para emprestarllos a aqueles alumnos máis necesitados. Non se cambiarán os libros de texto con relativa frecuencia. O alumnado manterase puntualmente informado sobre as bolsas ás que pode optar.

- En casos de acoso escolar aplicarase o plan de convivencia do centro.

3. Obxectivos xerais.

- Democratizar a xestión do centro.
- Conseguir unha mellora continua na calidade do ensino.
- Establecer unha actuación pedagóxica planificada.
- Crear un ambiente axeitado para desenvolver ó labor docente e as relacións interpersoais, crear unha relación fluída entre o profesorado e o alumnado.
- Promover a participación activa de tódolos estamentos da comunidade educativa nas actividades do centro.
- Integración do alumnado no centro.
- Educación para a prevención de conflitos e para a resolución pacífica dos mesmos.
- Información detallada de orientación académica e laboral os alumnos e ós seus representantes legais.
- Distribuír de maneira axeitada as funcións entre todos os estamentos e órganos de goberno.
- Mellorar a comunicación entre os compoñentes do centro e a comunicación externa cara os pais e o entorno.
- Relacionado co seu contorno e que promove valores como a solidariedade, a non discriminación e o respecto polo medio que nos rodea.
- Fomentará o interese polo bo funcionamento do centro.
- Darnos a coñecer na nosa zona de influencia e abrírnos a sociedade e o contorno.
- Avaliación reflexiva sobre o funcionamento do centro en todos os seus ámbitos.

4. Obxectivos específicos.

. Ámbito pedagóxico.

1. Seleccionar os diversos contidos que correspondan con cada nivel educativo, acadando os obxectivos curriculares expresados no P.C.C., co fin de permitir a promoción académica e profesional dos alumnos.
2. Fomentar nas alumnas e alumnos unha visión global do coñecemento, relacionando as distintas materias entre si e co mundo exterior incorporando ás programacións obxectivos e contidos vencellados co contorno.
3. Potenciar o traballo de atención á diversidade tomando as medidas máis axeitadas (curriculares –adaptación dos elementos do currículo, orde do 06/10/95, DOG do07/11/95- e organizativas –flexibilización nos horarios, agrupacións, etc.-) e esixindo da administración o apoio e os recursos necesarios nos aspectos formativo, material e humano.
4. Desenvolver as capacidades de expresión e comprensión oral e escrita nas linguas naturais e nas linguaxes científicas.

5. Estimular no alumnado a confianza en si mesmo e nas propias posibilidades, valorando o esforzo, o espírito de superación e o interese por aprender.
6. Arbitrar métodos que teñan en conta os diferentes ritmos de aprendizaxe.
7. Fomentar o uso das matemáticas e hábitos de lectura.
8. Adaptación para aqueles alumnos que manifesten necesidades especiais de aprendizaxe.
9. Fomentar o traballo en grupo, a solidariedade, cooperación e complementariedade entre o alumnado de xeito que lles permita defender os seus criterios nun clima de diálogo e comprensión mutuas.
10. Proporcionar ferramentas adecuadas ás necesidades do alumnado (técnicas de estudo, tratamento da información, presentación de traballos, etc.).
11. Promover o coñecemento de todo o relacionado co noso patrimonio cultural, natural e histórico e o interese pola súa conservación. Así mesmo, tomando como punto de partida o noso medio, cultivar a curiosidade por outras culturas e pobos.
12. Fomenta-lo interese polo medio natural, sendo consciente das repercusións que nel poidan ter os avances científicos e tecnolóxicos e en xeral a acción humana, e fomentando o compromiso activo coa súa defensa, conservación e mellora.
13. Promover o interese pola actividade científica para lograr alumnos críticos e obxectivos e coñecer as aportacións da ciencia para mellora-la calidade de vida.
14. Idear métodos que teñan en conta os diferentes ritmos de aprendizaxe.
15. Potenciar o uso das aulas específicas (música, laboratorios, informática, etc.).
16. Fomentar a participación en actividades complementarias e extra escolares avaliando a súa importancia didáctica.

. Ámbito dos valores.

1. Conseguir unha verdadeira educación baseada en valores por enriba da instrución.
2. Incorporar nos currículos, de forma transversal, aquelas ensinanzas que inciden directamente na escala de valores (contidos transversais): educación para a paz, a saúde, a solidariedade, o respecto á diferenza e a igualdade entre os sexos.
3. Velar por todas aquelas actividades que fomenten o pluralismo e os valores democráticos, erradicando calquera comportamento discriminatorio.
4. Crear hábitos de respecto así como actitudes de diálogo cara os membros da comunidade educativa.
5. Concienciar a todo os membros da comunidade educativa da responsabilidade de todos e cada un no mantemento e coidado das instalacións, fomentando a valoración do todo o que é propiedade pública como ben común de todos.
6. Fomentar o respecto á diversidade (non existen dúas persoas iguais) como algo inherente o ser humano.
7. Fomentar o respecto e valoración polo esforzo e traballo como unha disposición e forma de vivir tanto a nivel persoal como social.

. Ámbito institucional.

1. Desde o punto de vista interno, estimular a participación activa de tódolos sectores da comunidade, promovendo circuítos de comunicación entre eles e o asociacionismo entre o alumnado.
2. Desde o punta de vista externo, establecer e animar todo tipo de relación coa administración, con outros centros educativos locais, provinciais e internacionais, e con empresas da comarca onde poidan facer prácticas os nosos alumnos.
3. Proporciona-lo profesorado os medios axeitados para conseguir a súa coordinación en todos os niveis que integran as programacións didácticas.
4. Potenciar e favorecer a participación do profesorado en actividades de formación.
5. Difundir e promover o Regulamento de Réxime Interior entre toda a comunidade educativa para o coñecemento de dereitos e deberes por parte de todos.
6. Potenciar a complementariedade económica entre os departamentos de cara a unha maior racionalización dos gastos.

. Ámbito metodolóxico.

Con carácter xeral, serán principios metodolóxicos a seguir:

1. A creación dun clima apoiado na orde, na disciplina e na interacción social (indispensables para a vida e traballos académicos) no que o respecto mutuo entre todos os membros da comunidade educativa, o diálogo e a solidariedade sexan comprendidos e aceptados por todos.
2. Unha aprendizaxe potenciadora do autoconcepto. Con tal fin o profesorado promoverá un clima distendido e acolledor que permita a interacción educativa adecuada e o respecto mutuo entre docentes e discentes.
3. O profesor como mediador no proceso de ensinanza- aprendizaxe, impulsará unha aprendizaxe activa e significativa, na que o alumno/a sexa verdadeiro protagonista, potenciando a súa creatividade, a adquisición de técnicas de traballo e hábitos científicos, intelectuais e de saúde que fomenten o interese pola súa formación continua e integral.
4. Coordinación entre as distintas materias atendendo o desenvolvemento integral do alumno e fomentando a cooperación entre os docentes.
5. Unha ensinanza individualizada que considere prioritarios o ritmo e capacidade de cada alumno, o nivel de competencia curricular (avaliación inicial), o estilo de aprendizaxe, as medidas de atención á diversidade (reforzo educativo, adaptacións curriculares, programas de diversificación curricular) e a necesidade de complementa-lo traballo persoal co traballo en equipo.
6. Fomento do coñecemento do país, da súa realidade e dos seus problemas; aberto a comunidade que o rodea e o mundo cotiá individual.

4. Obxectivos xerais nas distintas etapas educativas.

. Educación Secundaria Obrigatoria.

- a. Os alumnos desta etapa deben asumir os seus deberes e exercer os seus dereitos de forma responsable.
- b. Practicar o diálogo, a tolerancia e a solidariedade entre as persoas, desenrolando actitudes de respecto á diversidade de linguas, valores e crenzas e de rexeito a calquera tipo de discriminación, fomentando o interese polo coñecemento e o intercambio con outras culturas.
- c. Afianzarse nos valores comúns dunha sociedade participativa e democrática.
- d. Comprender e expresar con corrección textos complexos, oralmente e por escrito, en lingua castelá e lingua galega e iniciarse na lectura, o coñecemento e o estudo da literatura.
- e. Desenrolar a competencia comunicativa nunha ou mais linguas estranxeiras, a fin de facilitar o acceso a outras culturas.
- f. Concibir o coñecemento como un saber integrado, que se estrutura en distintas disciplinas.
- g. Desenrolar e consolidar hábitos de estudo e traballo, como condición necesaria para una realización eficaz das tarefas do aprendizaxe, e como medio para o desenrolo persoal.
- h. De cara á adquisición de coñecementos, utilizar con sentido crítico os contidos e as fontes de información.
- i. Afianzar o sentido do traballo en equipo como medio para desenrolar o espírito de cooperación e complementariedade entre as persoas.
- j. Entender a dimensión práctica dos coñecementos e adquirir una preparación básica no campo das tecnoloxías, a fin de usalas no proceso de aprendizaxe, para encontrar, analizar, intercambiar e presentar a información e o coñecemento adquiridos.
- k. Adquirir e desenrolar habilidades orientadas á toma de decisións como instrumento para o desenrolo da capacidade de iniciativa e da confianza en si mesmo.
- l. Coñecer os aspectos básicos da cultura e historia de Galiza e respectar o patrimonio artístico e cultural.
- m. Coñecer a diversidade de culturas e sociedades, a fin de poder valoralas criticamente, desenrolando, ó mesmo tempo, actitudes de respecto por a cultura propia e por a dos demais.
- n. Coñecer, valorar e respectar os bens artísticos e culturais.
- o. Coñecer o medio social, natural e cultural do noso contorno, utilízalo como instrumento para a formación e contribuír a súa conservación e mellora..
- p. Coñecer e analizar os principais factores que inflúen nos feitos sociais.
- q. Coñecer as leis básicas da Natureza e as principais consecuencias que de elas se derivan.

- r. Valorar criticamente os hábitos sociais relacionados coa saúde, o consumo e o medio ambiente.
- s. Utilizar a educación física e o deporte para favorecer seu desenvolvemento persoal.

. Programas de iniciación profesional.

- a) Os alumnos deben asumir os seus deberes e exercer os seus dereitos de forma responsable.
- b) Practicar o diálogo, a tolerancia e a solidariedade entre as persoas, desenvolvendo actitudes de respecto á diversidade de linguas, valores e crenzas e de rexeito a calquera tipo de discriminación.
- c) Afianzarse nos valores comúns dunha sociedade participativa e democrática.
- d) Desenrolar e consolidar hábitos de estudio e traballo, como condición necesaria para una realización eficaz das tarefas do aprendizaxe, e como medio para o desenrolo persoal.
- e) Afianzar o sentido do traballo en equipo como medio para desenrolar o espírito de cooperación e complementariedade entre as persoas
- f) Valorar criticamente os hábitos sociais relacionados coa saúde, o consumo e o medio ambiente.
- g) Formar alumnos responsables e comprometidos coa súa profesión cara a súa integración na sociedade e desenvolvemento da súa personalidade.
- h) Coñecer o medio social, natural e cultural do noso contorno, utilízalo como instrumento para a formación e contribuír a súa conservación e mellora.

. Bacharelato.

- a) Consolidar unha conciencia cívica, inspirada nos valores das sociedades democráticas.
- b) Afianzar habilidades orientadas á toma de decisións como instrumento para o desenrolo da capacidade de iniciativa, da confianza en si mesmo, o sentido crítico e o espírito innovador.
- c) Coñecer, desde una perspectiva universal e plural, as realidades do mundo contemporáneo, os seus antecedentes históricos e os principais factores da súa evolución.
- d) Dominar as habilidades básicas propias da modalidade de Bacharelato escollida.
- e) Dominar as técnicas e procedementos que faciliten a busca de información a fin de formular e resolver adecuadamente os problemas propios dos diversos campos do coñecemento e da experiencia.
- f) Comprender os procedementos fundamentais da investigación en cada disciplina.
- g) Coñecer e saber usar, tanto na expresión oral coma na escrita, a riqueza e as posibilidades expresivas das linguas castelá e galega así como a literatura, a lectura e o análises das obras literarias máis significativas.
- h) Expresarse con fluidez nunha ou máis linguas estranxeiras.
- i) Afondar no coñecemento e no uso habitual das tecnoloxías da información e a comunicación de cara ó aprendizaxe.

- j) Desenvolver a sensibilidade artística, afianzar actitudes de respecto e prevención de seguridade nas estradas.
- k) Utilizar a educación física e o deporte para favorecer o desenvolvemento persoal e social, consolidando a práctica do deporte.
- l) Valorar de forma crítica a contribución da ciencia ós cambios que teñen lugar nas condicións de vida.
- m) Afianzar a sensibilidade e o respecto polo medio ambiente.
- n) Desenvolver a sensibilidade cara as diversas formas de voluntariado.
- o) Utilizar estratexias de recollida, análise de información e toma de decisións sobre o futuro académico e profesional, tendo en conta os propios intereses e as posibilidades de inserción nos mundos académico e laboral.
- p) Consolidar unha madurez persoal, social e moral que lle permita, ter constancia no traballo, confianza nas propias posibilidades e iniciativa para resolver novos problemas, formular xuízos independentes e actuar de forma responsable e autónoma.
- q) Coñecer, valorar e respectar o patrimonio natural, cultural e histórico de Galicia, para participar de forma cooperativa e solidaria no seu desenvolvemento e mellora.
- r) Coñecer o medio social, natural e cultural do noso entorno, utilízalo como instrumento para a formación e contribuír a súa conservación e mellora.
- s) Fomentar a igualdade de dereitos e oportunidades entre homes e mulleres.
- t) Afianzar os hábitos de lectura, estudo e disciplina, como condición necesaria o aproveitamento do aprendizaxe e desenvolvemento persoal.

.Ciclos formativos.

- a) Consolidar unha conciencia cívica, inspirada nos valores das sociedades democráticas.
- b) Afianzar habilidades orientadas á toma de decisións como instrumento para o desenvolvemento da capacidade de iniciativa, da confianza en si mesmo, o sentido crítico e o espírito innovador.
- c) Valorar de forma crítica a contribución da ciencia ós cambios que teñen lugar nas condicións de vida.
- d) Afondar no coñecemento e no uso habitual das tecnoloxías da información e a comunicación de cara ó aprendizaxe.
- e) Afianzar a sensibilidade e o respecto polo medio ambiente.
- f) Consolidar unha madurez persoal, social e moral que lle permita, ter constancia no traballo, confianza nas propias posibilidades e iniciativa para resolver novos problemas, formular xuízos independentes e actuar de forma responsable e autónoma.
- g) Formar profesionais responsables e comprometidos coa súa formación cara a integrarse no ámbito laboral e o seu desenvolvemento como persoas.
- h) Desenvolver a competencia xeral correspondente á cualificación obxecto dos seus estudos.
- i) Comprender a organización e as características do sector produtivo correspondente, así como os mecanismos de inserción profesional; coñecer a lexislación laboral e os dereitos e obrigacións que se derivan das relacións laborais.
- j) Aprender por si mesmos e traballar en equipo.

- k) Fomentar a igualdade de oportunidades entre homes e mulleres.
- l) Traballar en condicións de seguridade e saúde, así como prever os riscos derivados do traballo.
- m) Afianzar o espírito para o desempeño de actividades e iniciativas empresariais.

. Adultos.

- a) Adquirir unha formación básica, ampliar e renovar os seus coñecementos.
- b) Mellorar a cualificación profesional e adquirir preparación para o exercicio de outras profesións.
- c) Desenvolver capacidades persoais, nos ámbitos expresivos, comunicativo, de relación interpersoal e de construción de coñecemento.
- d) Desenvolver a capacidade de participación na vida social e cultural, facer efectivo o dereito á cidadanía democrática.
- e) Desenvolver programas que corrixan os riscos de exclusión social.
- f) Responder adecuadamente ós desafíos que supón a evolución da sociedade, asegurando ás persoas de maior idade a oportunidade de incrementar as súas competencias.
- g) Empregar unha metodoloxía flexible e aberta, de xeito que responda ás súas capacidades, necesidades e intereses.